



Estratexias de animación á lectura

rodeira



LER
PARA
SABER

Estratexias de animación á lectura







LIBRO: O Club dos Catro Emes

INTELIGENCIAS MÚLTIPLES

ACTIVIDADES								
1	X		X				X	X
2	X						X	X
3	X	X	X				X	X
4	X	X					X	X
5	X						X	X
6	X		X		X		X	X

LIBRO: O Club dos Catro Emes

COMPETENCIAS BÁSICAS

ACTIVIDADES							
	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA	COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS	SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS
1	X			X	X	X	
2	X			X	X	X	
3	X	X		X	X	X	X
4	X	X		X	X	X	
5	X		X	X	X	X	X
6	X		X	X	X	X	X

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Fomentar a empatía.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar nos alumnos as capacidades de busca e organización da información.

ORIENTACIÓNS

A maioría das actividades propostas están pensadas para traballar en grupos reducidos ou con todo o grupo-clase. Por iso, consideramos importante que o profesor intente promover un bo clima na aula onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polos alumnos.

Inclúense actividades de expresión oral para desenvolver as capacidades comunicativas dos estudantes dunha forma lúdica e atractiva, de maneira que sexan capaces de realizar e presentar exposicións.

Algunhas das actividades propostas poden traballarse en distintos graos de ampliación en función dos intereses do grupo ou do profesor, e están baseadas na **aprendizaxe cooperativa**.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como son:

- ♥ A familia.
- ♥ A amizade.
- ♥ As relacións sociais.
- ♥ Os valores.
- ♥ A educación moral.



ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**VEXO, VEXO. TI QUE VES?**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Motivar á lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Desenvolver a capacidade de observación.

ACTIVIDADE

O profesor dividirá a clase en grupos de 4 ou 5 alumnos. Cada grupo deberá ter un exemplar do libro.

A actividade empeza observando a portada do libro durante 15-20 segundos. Tamén se pode proxectar a imaxe da portada para que a visualicen todos xuntos.

Ao transcorreren os 15-20 segundos, gardarase o libro de maneira que ninguén poida velo. Repartirase unha folla por grupo e un por un deberán anotar o que viron na imaxe. Así que se considere que xa pasou o tempo necesario para que todos os membros do grupo participasen na actividade, poderán volver observar a portada do libro durante 10 segundos máis e repetirase a actividade.

Finalmente, xa co libro diante, os alumnos terminarán de completar a súa folla con todo aquilo que aínda non observaron.

Posteriormente, farase unha posta en común na que cada grupo deberá explicar a súa experiencia.

ORIENTACIÓNS

O profesor asegurase de que todos os membros do grupo participen activamente e acheguen as súas ideas e opinións.

ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**PALABRA, IDEA, FRASE**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover o hábito da lectura.
- * Fomentar a creatividade.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Investigar e chegar ao fondo dun texto.

ACTIVIDADE

Antes de empezar a actividade leremos a contraportada do libro.

Utilizaremos a rutina «palabra, idea, frase» que nos permite utilizar o pensamento para comprender, investigar e chegar ao fondo dun texto.

1. O alumno elixe unha palabra que lle chamase a atención ou que mellor exprese o seu contido e escríbea nun papel amarelo.
2. O alumno elixe unha idea que lle chamase a atención ou que mellor exprese o seu contido e escríbea nun papel azul.
3. O alumno elixe unha frase que lle chamase a atención ou que mellor exprese o seu contido e escríbea nun papel verde.
4. Na aula colgaranse 3 cartolinas cos títulos: «palabra», «idea» e «frase». Os alumnos pegarán os seus papeis nas correspondentes cartolinas.

En grupo, farán unha posta en común das palabras, ideas e frases explicando cada un por que as elixiu.

Tras a posta en común, os alumnos poden chegar a alcanzar niveis moi profundos de comprensión, aos que dificilmente poderían acceder de maneira individual. Ademais, aprenden a pensar de forma máis profunda.

Por último, reflexionarán sobre a súa nova comprensión e sobre o que a utilización desta rutina achegou na súa aprendizaxe.

ORIENTACIÓN

Material necesario: 3 cartolinas brancas cos letreiros correspondentes, papeis de cores ou Post-it de cores.

ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**A TORRE EIFFEL**»


OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver a expresión artística e plástica.
- * Valorar a importancia da linguaxe plástica como medio de expresión e comunicación.
- * Planificar as fases do proceso de realización dunha obra.
- * Interesarse por coñecer diferentes técnicas plásticas.

ACTIVIDADE

O libro fai referencia a París e aos seus monumentos, e un dos monumentos máis importantes de París é a Torre Eiffel.

Cada grupo construíra unha Torre Eiffel con cartón. Para empezar a actividade, proxectaremos ou daremos unha copia en papel do seguinte modelo.



Os alumnos deberán debuxar 4 moldes idénticos nun cartón ou cartolina, coas súas correspondentes pestanas que servirán para unir as partes. O seguinte paso será colorear a Torre Eiffel, despois recortala e, finalmente, unir con pegamento as 4 partes.

ORIENTACIÓNS

A actividade tamén se pode realizar utilizando copias da maqueta impresas en DIN A3 e os alumnos só deberán recortar, montar e colorear.

Material necesario: pintura e pinceis, cartón ou cartolina, tesoiras ou cúter e pegamento.

Esta actividade tamén se pode realizar individualmente, segundo a preferencia do profesor.

É imprescindible que despois da actividade os alumnos se responsabilicen de limpar o material utilizado.

Esta actividade realízase en colaboración coa área de educación visual e plástica.

ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**LAMBETADAS**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Aprender a cociñar en equipo.
- * Respectar as opinións dos demais.
- * Elaborar unha receita sen dificultade.
- * Respectar as habilidades de cada un.

ACTIVIDADE

Aos membros do Club dos Catro Emes encántalles ir á tenda de Madán Lamboné mercar lambetadas. Iremos aprender a facer lambonadas caseiras sen aditivos.

Dividirase a clase en equipos de 4-5 alumnos e explicarase a actividade.

* Ingredientes:

- 1 sobre de xelatina neutra.
- 1 sobre de xelatina de sabor (amorodo, laranxa, piña etc.).
- 150 g de azucre.
- 200 ml de auga.
- Azucre para decorar.

* Elaboración da receita de lambetadas caseiras:

1. Pon a queentar a auga nunha cazola. Antes de que empece a ferver, bota xelatina neutra e remexe.
2. Despois bota a xelatina de sabor e remexe. Engade o azucre e remexe ata que se disolva.
3. Bota o líquido nun recipiente e bate ata que a mestura quede esponxosa. Deixa repousar uns minutos e bate de novo.
4. Bota o contido sobre moldes con formas (poden ser moldes de plastilina novos) ou un vaso de xeo e deixa que arrefría. Déixao repousar unhas horas ata que solidifique. Desmolda e sirve.
5. Repite a receita con cada xelatina de sabor, desta forma obterás lambetadas de diferentes sabores e cores.
6. Pódense servir empoadas con azucre.

ORIENTACIÓN

Tamén se pode botar a mestura nun recipiente amplo e posteriormente cortar as lambetadas coa axuda dun cortapastas, dándolles formas divertidas.

Previamente, o profesor repartiu entre os alumnos os ingredientes que teñen que traer (ou conseguíalos). Así mesmo, antes da realización desta actividade deberase quentar a auga.

ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: «O CLUB»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Promover a reflexión e a análise.
- * Potenciar o respecto polas distintas opinións.
- * Traballar e desenvolver a empatía.
- * Desenvolver a capacidade creativa e imaxinativa.
- * Ser capaz de achegar ideas e aceptar as dos demais.

ACTIVIDADE

Un club é unha asociación na que se reúnen persoas con intereses comúns: deporte, cultura, debate de ideas etc. É unha asociación creada co obxectivo de lograr fins concretos, xa sexan deportivos, lúdicos ou culturais, entre outros.

Esta actividade divídese en dúas partes: preparación (actividade 5) e presentación (actividade 6) e realizarase en grupos de 4 alumnos.

Cada grupo deberá formar un club; serán os membros da xunta directiva e cada un terá unha responsabilidade que deberán pensar e decidir entre todos.

Así que estea formado o club:

- * Repartirán as funcións dos membros da xunta.
- * Crearase un nome para o club e un logo.
- * Redactaranse as normas do club.
- * Definirase o obxectivo do club.
- * Pensarase nunha campaña publicitaria sinxela.

Posteriormente realizaranse dúas actividades:

- Crear un folleto publicitario.
- Preparar unha exposición ou discurso para convencer os outros alumnos de que formen parte do seu club.

ORIENTACIÓN

O profesor pode agrupar os alumnos en función de intereses comúns ou deixar que se agrupen libremente.

Opcional: pódese propoñer facer a presentación utilizando algún formato dixital.

ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: **«QUERES PERTENCER AO MEU CLUB?»**

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar a capacidade argumentativa.
- * Interpretar diferentes personaxes.
- * Desenvolver diferentes formas de expresión.
- * Adquirir o hábito de amosar cortesía e respecto polos demais.

ACTIVIDADE

O obxectivo principal desta actividade consiste en presentar os diferentes clubs creados durante a actividade 5.

Primeiro repartiranse os folletos publicitarios de todos os clubs e deixaranse uns minutos para que cada alumno poida ler e interesarse polos diferentes clubs.

Despois realizaranse as diferentes presentacións. Trátase de que cada club consiga o máximo de socios posible e para iso teñen que convencer os seus compañeiros das vantaxes que ten pertencer ao seu club. Despois de cada presentación haberá unha rolda de preguntas e respostas para aclarar dúbidas.

Finalmente, realizarase unha votación secreta na que cada alumno deberá elixir 3 clubs aos que lle gustaría pertencer e poñelos por orde de preferencia.

Ao que todos os alumnos decidiron a que club queren pertencer, o profesor realizará o reconto de votos e comunicarlle a cada club o número de socios interesados.

ORIENTACIÓNS

O profesor fará de moderador na quenda de preguntas.

Antes do reconto dos socios interesados, e da súa comunicación por parte do profesor, escribirase no encerado a seguinte frase: «Non te sorprendas se o teu club é rexeitado. Adoita pasar con moitos».

Opcional: pódese propoñer facer a presentación utilizando algún formato dixital.